







Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

ACOMPANHAMENTO TERAPÉUTICO Á PERSOAS EN DÓ POR MORTES E OUTRAS PÉRDIDAS




- 
- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** OBXECTIVOS
 - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 05.** CALENDARIO
 - 06.** METODOLOXÍA
 - 07.** AVALIACIÓN
 - 08.** DOCENTES



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO





16 horas



Do 11 ao 21 de decembro
Sesións en liña **11, 14, 17 e 21** de
decembro de **16:00 a 20:00**



Formación en liña



RESUMO DO CURSO


O dó é unha resposta humana, natural e complexa ante a perda dun ser querido ou de calquera situación significativa que implique unha ruptura coa vida tal e como se coñecía. Aínda que habitualmente se asocia coa morte, tamén pode xurdir como consecuencia doutras perdas importantes, como a saúde, o emprego, as relacións, a autonomía, a migración ou os proxectos de vida. Cada proceso de duelo é único e está influído por factores persoais, familiares, sociais, culturais e espirituais.

As traballadoras sociais desempeñan un papel fundamental no acompañamento de persoas que atravesan procesos de duelo, xa que, desde a súa práctica profesional, interveñen en contextos sanitarios, sociais, comunitarios e de atención á dependencia, onde as perdas e as súas consecuencias forman parte da realidade cotiá. Para iso, resulta imprescindible contar con coñecementos teóricos, ferramentas prácticas e habilidades relacionais que permitan ofrecer unha atención integral, ética e centrada na persoa.

Esta formación pretende promover unha mirada sensible e humanizada cara ás persoas en duelo, favorecendo intervencións que respecten os ritmos individuais, potencien os recursos persoais e contribúan á reconstrución do proxecto vital tras a perda. Do mesmo xeito, abordarase o autocoidado profesional como un elemento esencial para previr o desgaste emocional e garantir unha práctica de calidade.


OBXECTIVOS

- **Comprender** o dó como un proceso natural de adaptación.
- **Descubrir** a súa complexidade e a diversidade das súas manifestacións.
- **Diferenciar** os distintos tipos de dó e recoñecer as características específicas dos diferentes tipos de perdas.
- **Detectar** as necesidades psicosociais das persoas en dó, identificando factores de risco e de protección.
- **Desenvolver** habilidades de comunicación e acompañamento terapéutico.
- **Recoñecer** as competencias do Traballo Social no acompañamento ao dó.





CONTIDOS FORMATIVOS



A importancia de comprender ben o dó:

- Conceptualización do dó.
- Modelos e teorías.
- Tipos de perdas e manifestacións do dó.
- Que consecuencias produce física, psicolóxica e socialmente.
- Como afecta no tempo.
- Fases e etapas a atravesar.
- Tipoloxías de dós normais e complicados.

Análise e intervención desde o Traballo Social:

- Valoración de necesidades.
- Factores de risco.
- Técnicas de acompañamento terapéutico.
- Intervención.

Situacións específicas e/ou frecuentes na práctica:

- Suicidio.
- Morte perinatal.
- Dó por enfermidade avanzada.
- Dó migratorio.
- Outras perdas relacionadas con discapacidade, dependencia, separación, desemprego, etc.

PERSOAS DESTINATARIAS

Preferentemente traballadoras/es sociais colexiadas no COTSG e alumnado do último curso do grao. Tamén poderán acceder profesionais de outros Colexios oficiais ou de outras profesións relacionadas co ámbito do social.




CALENDARIO


O formato deste curso é en liña coa plataforma Zoom.

A duración é de 16 horas, distribuídas en 4 tardes de 4 horas cada tarde.

O horario é de 16.00 a 20.00 horas, hora peninsular. O curso desenvolveráse en decembro e os días concretos serán: venres 11, luns 14, xoves 17 e luns 21




METODOLOXÍA



Será unha metodoloxía eminentemente participativa, combinando:

- Exposicións breves.
- Análise de casos reais.
- Debates guiados.
- Exercicios de autorreflexión.
- Simulacións e role-playing.
- Elaboración de plans de acción.
- Caderno de traballo persoal.

AVALIACIÓN



Ao tratarse dun obradoiro de 16 horas de duración baseado en metodoloxías vivenciais e participativas, o aproveitamento do curso avaliarase de forma continua mediante a participación nas dinámicas propostas.

Criterios para a emisión do certificado:

- **Control de asistencia:** É imprescindible a asistencia a un mínimo do 85 % das horas lectivas impartidas durante as 4 sesións do programa.
- **Aproveitamento:** Participación activa nos debates e actividades grupais desenvolvidas durante o curso.



LOLA


Traballadora Social Clínica, Psicoterapeuta Gestalt e Supervisora

Profesional comprometida coa perspectiva humanista e relacional, combinando unha presenza cercana, dinámica e creativa no acompañamento emocional.

- Máis de dúas décadas de experiencia profesional. Iniciou a súa andadura na Rioxa en Servizos Sociais de Base e Atención a Vítimas de Violencia de Xénero. En Canarias, impulsou o Instituto Gestalt de Canarias e posteriormente fundou o Centro Gestalt-Tenerife, centrado na psicoterapia, docencia e supervisión.
- Experta en Terapia Gestalt, Supervisión e tratamento do trauma mediante EMDR.
- Imparte formación a nivel nacional e internacional en universidades, empresas e colexios profesionais. É autora do libro “La dimensión terapéutica del Trabajo Social. Guía práctica para el desarrollo del Trabajo Social Clínico” e coautora de tres obras colectivas sobre servizos sociais e supervisión.
- Membro Titular da AETG, Psicoterapeuta e Supervisora pola FEAP, e membro do Instituto de Supervisores Profesionais Asociados (ISPA).

URRACA





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

